



## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS PROVISIONAIS DE APTOS E NON APTOS PARA AS PROBAS DO CELGA 1

Nº expediente: ED114A

De acordo co previsto no artigo 8 da Resolución do 6 de marzo de 2014, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, nivel Celga 1 (DOG núm. 48 do 11 de marzo),

RESOLVO:

Publicar na web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega) os resultados provisionais das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 1 (Celga 1).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 9.2 da devandita Resolución, as persoas interesadas, mediante escrito dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística ou ao enderezo de correo electrónico [sxpl.probascelga@xunta.es](mailto:sxpl.probascelga@xunta.es), poderán, no prazo de 10 días naturais, solicitar a revisión das probas por parte da Comisión Central de Avaliación, que adoptará a resolución definitiva e lles comunicará ás persoas interesadas os criterios que determinaron a cualificación obtida.

Os resultados definitivos publicaranse na web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega) no prazo máximo de catro meses desde a realización das probas.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notifícaselle ás persoas interesadas o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 59.6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 12, de 14 de xaneiro de 1999, corrección de erros BOE núm. 16, de 19 de xaneiro e BOE núm. 30, de 4 de febreiro).

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2014

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

